

## UD10. OS BORBÓNS EN ESPAÑA.

### A CRISE DO ANTIGO RÉXIME EN ESPAÑA E GALICIA ATA 1814

#### 1. FILIPE V E ISABEL DE FARNESIO: O CENTRALISMO BORBÓNICO (1700-1746)

No ano 1700 morre sen descendencia Carlos II (último monarca da dinastía dos Austrias na Monarquía Hispánica). No último testamento deixa como herdeiro a **Filipe de Anjou**, príncipe de Francia e neto da súa irmá. Ante o medo dunha unión franco-española, os territorios de Austria, Reino Unido, as Provincias Unidas, Portugal, Saboia e Prusia únense entorno á figura do **arquiduque Carlos**, irmán do emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico, e por tanto da familia dos Austrias.

Unha vez entronizado Filipe (Filipe V) e ante a imposibilidade de chegar a un acordo entre os bandos iniciase a **Guerra de Sucesión** (1701-1714). Os enfrontamentos daranse por toda Europa e na península, en forma de guerra civil (Castela apoiando a Filipe e Aragón a Carlos). A situación cambia cando o arquiduque Carlos é nomeado emperador trala morte do seu irmán. Este feito provoca que os aliados dos Austrias busquen a paz fronte ao medo que se repita unha situación similar á de Carlos I no século XVI. Desta forma chégase a 1713 cando se firma o **Tratado de Utrecht**, o cal establece:

- Filipe de Borbón será rei de España (Filipe V), sempre que renuncie aos seus dereitos sobre o trono francés (cousa que nunca fará).
- Perda das posesións en Europa (Flandres, Luxemburgo, Milán, Nápoles, Sicilia e Sardeña) repartidas entre as diferentes potencias europeas.
- Perda de Xibraltar e Menorca a favor de Reino Unido, xunto cos dereitos comerciais sobre América (comercio de escravos e un “navío de permiso”).

Os últimos territorios en ser controlados serán Barcelona (asediada e bombardeada en setembro de 1714) e Mallorca, conquistada en 1715.

O **reinado de Filipe V** será uns dos máis longos, aínda que brevemente interrompido pola abdicación en Luis I (1724), este reinado estará marcado pola centralización política e administrativa e o importante papel de Isabel de Farnesio (2ª esposa do monarca) en materia de política exterior. As normas de maior transcendencia deste reinado serán:

- Fin dos privilexios de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña.
- **DECRETOS DE NOVA PLANTA**: conxunto de normas que buscan a asimilación a Castela de Cataluña, Mallorca e Aragón.
  - ✓ Desaparición dos “fueros” e institucións propias.
  - ✓ O castelán convértese na lingua administrativa.
  - ✓ Centralización e uniformización do Estado.
  - ✓ Supresión de alfándegas (impostos entre os reinos) e sistema xurídico común.
- Lei Sálica: transmisión do trono ao primoxénito varón.
- Reorganización administrativa:
  - ✓ Redución dos Consellos.

- ✓ Menor papel das Cortes.
- ✓ Secretarías de Despacho (orixe dos ministerios).
- ✓ Intendentes: Representantes do rei nos territorios para cumprir as súas ordes, moi importantes en América.
- ✓ Reforma do exército e da armada. Créanse os grandes estaleiros como o de Ferrol.

A **política exterior**, levada a cabo por Isabel de Farnesio estará marcada pola busca para recuperar os territorios perdidos, mediante a conquista e as alianzas matrimoniais (Portugal, Cerdeña ou Francia). Conseguiran recuperar os territorios italianos de Nápoles, Sicilia e Parma, pero sen unilos á Monarquía Hispánica.

A maiores intervirá en tódalas guerras europeas o que danará profundamente a economía peninsular, a través dos coñecidos como **Pactos de familia** (alianzas con Francia para loitar na guerra de sucesión polaca ou na austríaca).

## 2. FERNANDO VI (1746-1759)

O sucesor de Filipe será Fernando VI, o reinado iniciará unha etapa de relativa calma e paz. Os feitos máis importantes serán:

- ✓ Rexistro dos habitantes e a riqueza de Castela (Catastro de Ensenada).
- ✓ Control do Estado sobre a Igrexa, coa proposta de candidatos para bispos.
- ✓ Obras públicas (portos interiores, canais, etc.).

## 3. CARLOS III E O DESPOTISMO ILUSTRADO (1759-1788)

Carlos III, que fora rei de Nápoles e Sicilia, ascende ao trono español trala morte do seu irmán. Co seu reinado iniciase unha **etapa reformista** marcada polas ideas da Ilustración, para isto rodéase dun conxunto de ministros ilustrados: Esquilache (de orixe italiano, moi reformista pero que foi deposto tras unha crise de subsistencia e a posterior revolta urbana e nobiliar), Aranda, Floridablanca, Jovellanos (estes últimos máis conservadores).

O **conxunto de reformas** buscarán aumentar a riqueza do país e mellorar a vida dos habitantes. As máis importantes son:

### Económicas

- Política **proteccionista**: política económica que protexe a produción interior fronte a importacións.
- Fomenta a creación de talleres e **manufacturas reais** para reducir importacións de bens de luxo.
- Apoio á **industria popular**: tecidos, curtidos.
- Liberaliza o comercio con **América**, que antes estaba monopolizado por Sevilla-Cádiz, agora portos como o de A Coruña poderán comerciar con América.
- Promove **innovacións** na agricultura (canles de regadío, novos cultivos,...) e repoboacións de rexións como Serra Morena para explotar as terras.

## Sociais

- **Limita o poder da Igrexa** (reduce o papel da Inquisición e a súa violencia, expulsa aos xesuítas que controlaban gran parte da educación,...).
- Fomenta a creación de **escolas** de ensinanza primaria, escolas de oficios, institucións científicas (Academias, Xardín Botánico, Observatorio Astronómico) e as asociacións de ilustrados (Sociedades Económicas de Amigos do País = Asociacións xurdidas para difundir coñecementos técnicos e científicos da Ilustración e elaboraban propostas de melloras económicas).

## Problemas

A pesar das reformas, os cambios producidos foron limitados por varios motivos:

- A continua oposición dos grupos privilexiados.
- A crise económica (guerras, etapas de malas colleitas, etc.).
- Os problemas do país son estruturais e as reformas son de pequeno calado e de implantación lenta.

Respecto á **política exterior** Carlos III firmou o Terceiro Pacto de familia, co que entraría na Guerra dos 7 anos (1756-1763), guerra entre Francia e Inglaterra que afectará a moitos territorios (América do norte, India, diferentes puntos da costa africana, Europa, as veces é considerada a primeira guerra mundial). No momento da firma do Pacto (1761) Carlos III entra xa no bando perdedor, polo que acabará cedendo importantes territorios en América. Finalmente a única vitoria que obterá será na Guerra de Independencia dos E.U.A. (1776-1783), as antigas 13 colonias inglesas enfróntanse a metrópole coa axuda de Francia e España. A guerra termina co Tratado de Versalles co nacemento dos E.U.A. e a recuperación da illa de Menorca, Florida e o golfo de México.

## **4. OS BORBÓNS EN GALICIA**

Ver páxinas 234 e 235 do libro de texto.

## **5. CARLOS IV E M<sup>a</sup> LUISA DE PARMA: A CRISE DA MONARQUÍA.**

Á morte de Carlos III, en decembro de 1788, sucedeulle o seu fillo Carlos IV. O novo monarca deixou o poder nas mans da raíña M<sup>a</sup> Luisa de Parma e do primeiro ministro **Manuel Godoy**. Aos poucos meses da súa chegada ao trono, iniciouse a Revolución Francesa (xullo de 1789) que provocou o temor entre os gobernantes españois ante a posible extensión da revolución, dando marcha atrás á política de reformas, pecharon as fronteiras con Francia e prohibindo as publicacións que fixeran referencia a ese suceso (censura).

En 1793, con motivo da execución do rei francés Luis XVI (primo de Carlos), España declaroulle a guerra a Francia. Os franceses ocuparon algunhas prazas do NE peninsular, o que obrigou a Godoy a asinar a paz de Basilea (1795) cedendo a metade da illa de Santo Domingo (orixe da actual división entre Haití e República Dominicana). En 1807 con Napoleón no poder firmase o **Tratado de Fontainebleau** polo que España permitiu o paso ás tropas francesas co argumento de dirixirse cara Portugal na súa

conquista, por ser aliado de Inglaterra. Unha vez en solo penínsular, o exército francés ocupou os puntos estratéxicos da Península.

O pobo español rexeitou a política de Godoy e, en marzo de 1808, produciuse un motín en Aranjuez, cos partidarios do futuro Fernando VII en contra do primeiro ministro. Carlos IV destituíu a Godoy e abdicou no seu fillo, Fernando VII. Napoleón aproveitou os problemas entre a familia real para conseguir a renuncia de Fernando VII aos seus dereitos ao trono español (abdicacións de Bayonne) e proclamou como rei de España ao seu irmán Xosé Bonaparte, que reinará como Xosé I.

A invasión das tropas francesas provocou o levantamento do pobo de Madrid o 2 de maio de 1808. A súa expansión a outras cidades supuxo o inicio da **guerra da Independencia** (1808-1814). A pesares diso, os franceses controlaron a situación e Xosé I instalouse en Madrid. Iniciando un período de reformas de carácter liberal e apoiado por algúns ilustrados e nobres, coñecidos co nome de “afrancesados”.

Constituíronse as Xuntas Provinciais de Defensa, dirixidas desde Cádiz pola Xunta Suprema Central. A partires de 1812 os españois, axudados por tropas inglesas, lanzaron unha gran ofensiva, derrotando aos franceses nas batallas de Arapiles, Vitoria e San Marcial, obrigándoos a repregarse ao outro lado dos Pireneos. Napoleón recoñeceu no Tratado de Valençay (1813) a Fernando VII como rei de España e das Indias.

As principais **consecuencias** da guerra foron económicas e ideolóxicas: 250000 mortos, paralización do comercio con América, ruína económica, e o nacemento de dous grupos, seguidores de correntes ideolóxicas enfrontadas: os abolutistas, partidarios da tradición e inimigos dos cambios políticos e sociais; e os liberais, que defendían a necesidade dunha Constitución e que querían acabar co Antigo Réxime.

Por último, a Xunta Suprema Central convocou Cortes, iniciadas en Cádiz en 1810. O 19 de marzo de 1812 os deputados, con maioría de liberais, elaboraron a primeira **Constitución** española. Recollíanse os principios de soberanía nacional, separación de poderes (executivo, lexislativo e xudicial), igualdade ante a lei (fin da sociedade estamental, cidadáns con dereitos e deberes) e dereito de sufraxio universal. O traballo revolucionario das Cortes de Cádiz completouse coa abolición da Inquisición e dos privilexios da nobreza e do clero (abolición dos señoríos con desaparición dos dereitos e as xustizas señoriais), a prohibición da tortura, e a supresión das probas de limpeza de sangue para acceder a cargos públicos.